



## 8M, desafío e compromiso

Carme Soto Varela<sup>1</sup>



Despois de ser acantonado e case deostado, o feminismo volve ser protagonista das nosas conversas, na rúa e nos medios de comunicación. Os continuos casos de violencia de xénero, a fenda salarial, o teito de cristal son cuestións que adquiriron un protagonismo renovado e as mulleres como colectivo sentímonos hoxe con máis forza para elevar a nosa voz ante as desigualdades, os estereotipos e a violencia que seguimos sufrindo en todos os lugares do mundo.

O 8M os diferentes grupos de mulleres reflexionamos, programamos, soñamos accións que visibilicen unha vez máis os nosos anhelos, as nosas loitas, as nosas propostas. As iniciativas son variadas porque as mulleres tamén o somos. Hai moitas cousas que nos unen, pero tamén outras nas que pensamos diferente. Por iso non hai unha soa forma de ser feminista senón moitas.

Nesta rede de sororidade participamos tamén moitas mulleres que somos monxas ou relixiosas e facémolo porque somos mulleres, pero tamén porque o noso compromiso coa causa de Xesús de Nazaret e a nosa fe nun Deus liberador nos impulsa a levar liberación e transformación alí onde existe inxustiza, violencia ou negación da dignidade de calquera ser humano. Con todo, somos un colectivo bastante invisible nos medios de comunicación e tamén en moitos espazos sociais e con frecuencia a mirada que a sociedade ten cara a nós está cargada de estereotipos que apenas responden ao que somos nin ao que estamos a facer.

---

1 Carme Soto Varela é serva de San Xosé, licenciada en Historia pola USC e doutora en teoloxía pola U. Pontificia Comillas. É vicepresidenta da Asociación de Teólogas de España e pertence á Asociación Bíblica Española, así como ao Consello de Redacción da revista Encrucillada.